



**PREMIOS  
COAG  
DE  
ARQUITECTURA**



#### **Xunta de goberno COAG**

**Decano Presidente:**

D. Jorge Duarte Vázquez

**Tesoureiro-Contador :**

D. José Antonio Vázquez Martín

**Secretario:**

D. Jorge Álvarez Rúa

**Vocais:**

D. Pablo Noya Suárez

D. Jorge Álvarez Rúa

D. Miguel Carballido Pensado

**Vocal en representación da Delegación de A Coruña:**

D. Fernando Martínez López

**Vocal en representación da Delegación de Vigo:**

D. Carlos Pajares Campos

**Presidente Delegación de A Coruña:**

D. Xosé Manuel López Mihura

**Presidente Delegación de Lugo:**

D. Raúl J. Veiga Lamelas

**Presidente Delegación de Ourense:**

D. José Jaime Vázquez Iglesias

**Presidente Delegación de Pontevedra:**

D. Manuel Abelleira Argibay

**Presidente Delegación de Vigo:**

D. Martín de Cominges Carvallo

**Presidenta Delegación de Santiago:**

Dona Ana Domínguez Laiño

**Presidente Delegación de Ferrol:**

D. Xosé Manuel López Leira

#### **Xurado XIV Premio COAG de Arquitectura**

**Presidente:**

D. Celestino García Braña

**Vocais:**

Emilio Tuñón Álvarez

Lluís Clotet

Xosé Manuel Casabella

Alfredo Díaz Grande

**Secretario :**

Pedro Taboada de Zuñiga Campos

Nestes momentos nos que estamos todos a falar da profunda crise que nos afecta a nivel mundial e de forma moi específica en España no sector da construción, nós, os arquitectos, que a sufrimos de forma especialmente dramática pola caída brutal da demanda do noso traballo, queremos marcar un punto de inflexión e invitar a toda a sociedade a que comparta con nós algunhas reflexións, dando comezo por aquelas que apelan a recoñecer a nosa propia responsabilidade.

Nesta profesión, coma en tantas outras, vímonos arrastrados por unha certa permisividade normativa e a esixencia de producir máis... máis rápido, e máis barato... sen ter moitas veces en conta os efectos desta forma de traballo sobre o noso territorio, as nosas vilas e as nosas cidades... esquecendo a compoñente social de mellora da calidade de vida que o noso traballo lle ten que aportar á sociedade. Pero sempre se dixo que das crises adoitan nacer novas oportunidades... e estes tempos nos que os traballos que nos chegan son cada vez máis contados temos que velos coma unha oportunidade para demostrar ante a sociedade que os arquitectos temos moito que aportar... moito máis que ser un mero trámite esixido polo cumprimento da lei.

Nós, os arquitectos, debemos pensar que a crise xa rematou... Temos que participar dun cambio de modelo. O escenario actual é o que teremos nos próximos anos e hai que adaptarse a él. Non podemos quedarnos esperando que as cousas volvan ser como antes, porque ademais tampouco é o que queremos nin para nós, nin para o noso país.

É necesario explicarlle de novo á xente o valor dun traballo arquitectónico ben feito coma os que hoxe presentamos aquí... proxectos e obras pensadas e executadas con sentido común, con racionalidade, con criterio e rigor, recuperando a importancia das cousas ben feitas, do oficio...

Temos que insistir de novo en que a arquitectura inflúe na nosa calidade de vida, debe ter a capacidade de mellorar os espazos que vivimos, as nosas cidades, o noso territorio... con intervencións proporcionadas aos requirimentos actuais de economía de medios e de aforro enerxético...

Debemos asimismo reorientar a nosa ollada sobre algúns campos de traballo da nosa profesión esquecidos durante os anos da opulencia inmobiliaria, como son a planificación territorial, a paisaxe, o territorio, a rehabilitación e renovación urbana, o interiorismo, os temas de mellora de consumo enerxético...

E o momento, en resumo, de saír aí fora e de contarlle á sociedade o que facemos... ou o que podemos facer, e esixirlle tamén que o valore cultural e economicamente.

Non podemos deixar de recordarlle ás administracións esas peticións recorrentes... axilizacións de prazos de tramitación de licenzas e tamén do planeamento, unha aposta clara pola rehabilitación e renovación dos nosos edificios e cidades con mellora das condicións de seguridade, de habitabilidade e de eficiencia enerxética, a mellora das condicións de acceso dos arquitectos á obra oficial a través de concursos públicos... en fin como dicía antes apostar por mellorar o traballo dos arquitectos...

Nestes momentos de cambio profesional, iniciaremos a entrega dos premios pola categoría de obra primeira... e só me queda expresar un desexo persoal... que en próximas edicións, as obras sigan tendo a mesma calidade das aquí presentadas e que poida seguir habendo arquitectos que se enfrontan a súa primeira obra...

E para rematar, teño que recuperar de novo a palabra "oficio", para recoñecer a traxectoria daqueles compañeiros que levan máis de cincuenta anos exercendo esta apaixonante profesión, adaptándose ós máis diversos contextos económicos e sociais. O voso traballo será sempre para nós un referente necesario, un estimulante exemplo para mirar cara adiante sen deixarse caer no desánimo.

D. Jorge Duarte Vázquez. Decano  
Febreiro 2012

accésit

accésit

accésit

accésit

accésit

accésit

accésit

accésit

accésit

accésit

accésit



|                                                                                                            |     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| <b>Casa Mercedes - Creus e Carrasco</b>                                                                    | 6   |
| <br>                                                                                                       |     |
| Casa A5 - Carlos Seoane                                                                                    | 16  |
| <br>                                                                                                       |     |
| Centro de Saúde - abalo alonso arquitectos                                                                 | 24  |
| <br>                                                                                                       |     |
| Delegación de Vigo do COAG - Irisarri + Piñera                                                             | 32  |
| <br>                                                                                                       |     |
| 384 Vivendas VVP - Fraga, G. Quijada, Portolés e Asociados                                                 | 40  |
| <br>                                                                                                       |     |
| Centro de Interpretación da Cultura Castrexa - Carlos Martínez, Ángeles Santos, Carmen Ruíz                | 48  |
| <br>                                                                                                       |     |
| <b>Rehabilitación de inmoible - Alfredo Sirvent Silveira</b>                                               | 56  |
| <br>                                                                                                       |     |
| <b>Conxunto residencial “Manzana Massó” - Jerónimo Junquera, Liliana Obal e Teodoro de Francisco Antes</b> | 66  |
| <br>                                                                                                       |     |
| <b>Centro cultural da UDC - Gabriel Santos Zas, Mario di Felice Vázquez</b>                                | 76  |
| <br>                                                                                                       |     |
| Hotel Moure - abalo alonso arquitectos                                                                     | 86  |
| <br>                                                                                                       |     |
| Vivenda Taller - BMJ arquitectos                                                                           | 94  |
| <br>                                                                                                       |     |
| <b>Remodelación do Porto de Malpica - Creus e Carrasco</b>                                                 | 102 |
| <br>                                                                                                       |     |
| Praza de San Fructuoso - Cristina Ansedo e Alberto Quintáns                                                | 112 |
| <br>                                                                                                       |     |
| <b>Acto de imposición de mans - Patricia Alonso Alonso e Francisco Javier López Rivadulla</b>              | 120 |
| <br>                                                                                                       |     |
| Chillida Lupo - Fermín González Blanco                                                                     | 130 |
| <br>                                                                                                       |     |
| <b>Instituto do Campo - Santiago Barge Ferreiros, María Belén Bouza Cora e Olalla Barge Ferreiros</b>      | 138 |
| <br>                                                                                                       |     |
| Construción auxiliar á Escola Habanera - Luz Paz Agras                                                     | 148 |
| <br>                                                                                                       |     |
| <b>Farmacia - Prieto + Patiño</b>                                                                          | 156 |
| <br>                                                                                                       |     |
| Vivenda Unifamiliar - Oscar Pedrós Fernández                                                               | 166 |

## Edificio de nova planta - Premio COAG

Creus e Carrasco

### **Proxecto:**

Casa Mercedes na cidade xardín

### **Situación:**

Avenida de la Habana 22, A Coruña

### **Arquitecto:**

Juan Creus Andrade  
Covadonga Carrasco López

### **Data de proxecto / fin de obra:**

xaneiro 2006 / novembro 2009

### **Colaboradores:**

Alexandre Antunes  
Cecilia Castro  
Bárbara Mesquita  
Belén Salgado

### **Arquitecto técnico:**

Félix Suarez

### **Promotor:**

Mercedes Sánchez

### **Empresa Constructora:**

Manuel González

### **Superficie:**

140,98 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

226.343,85 €

## Casa Mercedes



### **Memoria xustificativa**

A parcela, como todas as da súa mesma aliñación, ten a particularidade de limitar na súa parte posterior con outra a cota moito máis elevada, o que leva a situar as vivendas sobre a base dunha planta de altura a través da que se produce o acceso. Coa súa fronte orientada ao norte, a solución da vivenda está condicionada ademais polos dous retranqueos laterais que fixa o planeamento e polas dimensións mínimas de ancho da parcela. A distribución interior organízase en dúas zonas que ocupan os extremos norte e sur da construción, entre elas aparecen os elementos de comunicación e un patio ao que mira este espazo interior a través de grandes panos de vidro.

A construción é un bloque de pedra tallado con ocos a xeito de gretas, moi compacto, colocado sobre unha base tamén pétreo que ocupa a totalidade da parcela e que deixa no límite sur, contra o muro do terreo veciño, unha canle de auga e unha xardineira para rubideiras.


### **Memoria investigadora**

O proxecto asume as condicións de referencia e respecto que a ordenanza xenérica establece para esta parte da cidade, construída con vivenda unifamiliar illada, investigando a relación entre a envolvente, como transición entre o exposto e o íntimo, e o volume como diálogo entre permanencia (contundencia da peza) e imaxe da cidade (cambiante no reflexo dunha superficie lisa).


Como elemento clave de traballo entre interior-exterior utiliza o baleiro: o patio separa a base da vivenda en planta semisoto dun linde traseiro por onde discorre a auga, rodea todo o volume sobre a base, espazo aberto á cidade, e está presente no interior como referencia dun habitar máis privado.

A contundencia e variación dana a construción de todos os paramentos, fachadas, chans, cuberta... mediante a utilización dun único elemento (a lousa de granito vermello) cuxo despezamento e colocación foron estudados coidadosamente.






Sección lonxitudinal




Planta de acesso



Planta baixa











## Edificio de nova planta - Accésit

Carlos Seoane

### **Proxecto:**

Casa A5 urbanización as galeras

### **Situación:**

Santa Eulalia de Lians

### **Arquitecto:**

Carlos Seoane

### **Data de proxecto / fin de obra:**

2008 - 2011

### **Colaboradores:**

Soledad Choucillas

Oscar Fuertes

Myriam Ochoa

Jose G. Varela

### **Arquitecto técnico:**

Rafael Castro

Luis Romero

### **Promotor:**

Manuel S. Leston

### **Empresa Constructora:**

CB4

Construcciones Rusticas Carballo

### **Superficie:**

544 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

479.000 € (PEM)

### **Fotografía:**

Juan Rodríguez

Héctor Santos-Diez

## Casa A5



## **Obxecto do proxecto**

O obxecto do presente Proxecto é a realización da documentación precisa para a construción dunha vivenda unifamiliar.

## **Programa de necesidades**

Por parte da propiedade solicítase a realización dunha vivenda unifamiliar composta de cociña - comedor - salón, tres dormitorios, cinco baños, espazos de apoio: lavandaría, tendedeiro, adega, almacéns e sala de xogos e; así mesmo un espazo en terraza superior destinado a usos múltiples, un comedor exterior. Un garaxe. Unha piscina exterior. Desenvolvendo a vivenda en planta baixa, semisoto e soto, adaptándose á topografía da parcela e abríndose ás vistas.

## **Condicionantes**

A parcela encóntrase encravada na Parroquia Santa Eulalia de Liáns. Con vivendas a ambos os dous lados, conta cunhas agradables vistas orientadas ao Norte cara o mar coa cidade da Coruña de fondo e ao nacente o mar tras un Parque cunha importante masa forestal. A topografía con pendente cara ás vistas condicionará a volumetría escalonada da vivenda.

O promotor solicita unha vivenda ampla, aberta á paisaxe, con moita luz ao mesmo tempo que abrigada dos ventos predominantes na zona. Igualmente solicita importantes espazos interiores e exteriores de reunión como as terrazas superiores, espazos anexos á piscina....


## **Solución adoptada**

En base das necesidades formuladas pola propiedade e á normativa urbanística vixente, proxéctase unha vivenda desenvolvida en dous niveis, planta baixa e semisoto-soto, con dous volumes diferenciados, como son a zona de noite aberta á paisaxe no semisoto-soto onde se encontran tamén almacéns, rochos, despensas... e a zona de día na planta baixa sobre o volume de noite, onde parte da cuberta do semisoto-soto se converte en terraza da zona de día. E unha última peza, unha lámina que envolve o volume de planta baixa, o volume do garaxe e un dos patios que baixan ata o soto e, entre estes volumes e baixo esta lámina crea un ámbito onde se produce a entrada principal á vivenda. A vivenda sitúase na parte máis alta da parcela, onde as vistas son mellores, deixando o resto da parcela libre como zona de estar exterior máis abrigada dos ventos e fóra do límite de zona de servidume de protección costeira que marca a Lei de Costas 22/1998 do 28 de xullo.

Próximo ao acceso sitúase a zona de aparcadoiro no volume de garaxe baixo a lámina superior, de igual modo prepáranse unhas pequenas plataformas aos lados da lámina para un posible aparcadoiro exterior.


Utilízase o espazo da escaleira e o dos dous patios para separar e organizar as distintas estanzas, ao mesmo tempo que introduce a luz no interior da vivenda, comunicando visualmente as distintas estanzas.

Como elemento diferenciador dos espazos utilízanse basicamente muros de carga de formigón armado, tabiquería e cerramentos de u-glass. Estes muros de formigón forman un caixón enterrado aberto aos patios e á paisaxe cara ao noroeste da planta semisoto-soto. Os espazos da vivenda en planta baixa ábreanse ao exterior polos testeiros mediante cerramentos velados de u-glass buscando a luz, pero evitando as vistas. Frontalmente, a vivenda ábrese xenerosamente ás vistas e aos patios e pechándose á vía pública, onde tan só se abre a entrada á vivenda, e lixeiramente máis baixa que o nivel da beirarrúa. Entrada que nos recibe enfocándonos as vistas á paisaxe co mar de fondo.




Planta baixa - soto





Alzado suroeste



Planta baixa





## Edificio de nova planta - Accésit

abalo alonso arquitectos

### **Proxecto:**

Centro de saúde

### **Situación:**

A Covada, Oleiros, A Coruña

### **Arquitecto:**

Elizabeth Abalo Díaz

Gonzalo Alonso Núñez

### **Data de proxecto / fin de obra:**

concurso 2006 / 2009

### **Colaboradores:**

Roberto Fernández

Ronsel Freire

María Viña

Carlos Bóveda. Estructura

Obradoiro enxeñeiros. Instalaciones

### **Arquitecto técnico:**

Francisco González Varela

### **Promotor:**

Sergas, Xunta de Galicia

### **Empresa Constructora:**

Arias Hermanos

### **Superficie:**

1000 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

1.325.939'50 €

### **Fotografía:**

Héctor Santos-Díez

## **Centro de Saúde**



Terreo ben orientado. Lixeira pendente cara ao suroeste e masa arbórea de castiñeiros, carballos e eucaliptos ao oeste. Situámonos sen molestar; respectamos o arboredo e pegámonos, pechándonos, ao futuro vial ao nordés.


Unha peza lixeiramente compacta, dunha planta para evitar problemas de accesibilidade e que se vai encaixando no terreo, cun esquema moi sinxelo en forma de hache.

Acceso dende o leste, a través dun zaguán privado ata alcanzar o centro da edificación, dende o cal se reparte xogo. Cada parte do programa nunha á; rehabilitación, persoal, consultas xerais, pediatría e instalacións. Organizadas en torno a patios, zaguans ou fisuras que matizan o encontro co entorno xerando riqueza espacial; estanzas abertas ou pechadas, permeables ou contidas en función do seu uso.


Iluminación directa, a través de celosías ou mediante lucernarios que cualifican os espazos.

Muros de carga, lousas de formigón, peches de aceiro. Cuberta inclinada oculta con gárgolas, solados de linóleo. Particións interiores de cartón xeso ou madeira; celosías. Arboredo.










Sección



Planta





## Edificio de nova planta - Accésit

Irisarri + Piñera

### **Proxecto:**

Delegación de Vigo do Coag

### **Situación:**

Rúa Doutor Cadaval 5, Vigo

### **Arquitecto:**

Jesús Irisarri Castro

Guadalupe Piñera Manso

### **Data de proxecto / fin de obra:**

concurso 2005 / 2009

### **Colaboradores:**

Lidia Fernández

Javier Couto

Sandra Formigo

Juan Navarro

Fátima Iglesias

Tiago Vasconcelos

Carlos de la Torre. Project manager

Mecanismo S.L. Estructura

Exinor S.L. y Grupo JG. Instalacions

Xiana Alonso. Coordinación de seguridade

Sempre Verde S.L. Paisaxismo medioambiental

### **Arquitecto técnico:**

Sancho Páramo Cerqueira

### **Promotor:**

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

### **Empresa Constructora:**

Arias Hermanos

### **Superficie:**

2.400 m2

### **Orzamento:**

1.800.000 €

### **Fotografía:**

Manuel G. Vicente

## **Delegación de Vigo do COAG**



## **Accións temporais, pegadas efémeras Catro construcións para catro liberdades**

### **Un sólido capaz**

Unha envolvente volumétrica máxima derivada do planeamento existente. A forma xorde desta. Tomámola tal cual e afectámola polas condicións de borde: O pequeno e sinxelo volume da histórica taberna Eligio, a escala das estreitas rúas ao E, a masa pétrea do edificio ao W ou os altos edificios dos anos sesenta-setenta.

### **Un sitio para colocarse**

Activar o uso da praza:

Accesos e conexións atentos á riqueza da traza urbana. Tres plantas baixas-entrada que permiten xerar un espazo de accesibilidade natural dende as diferentes cotas das rúas que dan embocadura á praza.

Mediante este mecanismo e a transparencia da fachada amplíase a dimensión social en un ámbito antes degradado, a vida e as ofertas culturais do edificio colonizan e expanden a súa presenza no espazo público á vez que as actividades cidadás que se desenvolven nel incorpóranse ao edificio.

A natureza busca o seu sitio nunha paisaxe cunha topografía que xera os seus propios equipamentos de mobiliario urbano e pasa de plano a envolvente. Cunha cuberta vexetal de glicíneas que soporta tamén a iluminación e campos de gramíneas que rompen o pavimento.

Recollendo algúns vestixios da historia do lugar, as pedras dos peches e ruínas que ocupaban o soar incorpóranse nos solados de formigón.

### **Un programa evolutivo**

Flexibilidade para ser ocupado á carta segundo as demandas dos xestores económicos, de xeito que permita ao COAG crecer ou repregarse e financiar a operación da construción mediante alugueres.

O edificio formula unha organización capaz de continuas transformacións no seu uso, que poidan satisfacer diversas actividades con distintos requirimentos e os seus cambios ao longo do tempo.

Pegadas efémeras de momentos na vida do edificio.


Un sistema de circulacións externas desenvólvese entre as dúas capas de fachada, como tronco árbore, autónomo das organizacións particulares do espazo que envolve e climatiza, permite o funcionamento autónomo das partes do edificio e a anexión entre elas.

O programa da sede do COAG permanece distribuído de forma continua en sección, deixando bolsas que, conectadas directamente coa circulación exterior, poden ser usadas de modo autónomo e con diferentes horarios, aloxando tamén entre estas dúas capas os espazos colectivos de relación e descanso.


### **Un condicionante ético**

O funcionamento térmico, baseado na idea da creación dun “sobre microclimático” que alberga os bloques de programa internos, proporciona na paisaxe protexida que se conforma entre estas dúas peles, un espazo semipúblico con condicións climáticas excepcionais, onde se pode pasar máis tempo “fora” ao ofrecerse un exterior ao interior.


A unión da formulación de sostibilidade enerxético-climático co funcional mediante circulación primaria e independente tanto de persoas coma de fluxo de aire, a través do espazo variable entre as dúas capas do cerramento do edificio permite fraccionar o edificio interiormente, e abrir este a unha cámara




Planta cubertas




Planta cuarta



Planta terceira




Planta segunda




Planta primeira




Planta baixa



Planta semisoto



Sección





que matiza a relación dos espazos interiores co exterior. Neste sobre prodúcese a xeración de enerxía en inverno, e a diferenza de temperaturas fai en verán que as correntes de aire dende a cámara ao norte xunto cos ocos en cuberta ventilen o edificio de modo autónomo

### **Catro liñas de investigación**

A ambición investigadora do concurso en canto a explorar os límites daquilo que hoxe a arquitectura pode ofrecer fixo posible, que a posterior aparición da crise, a global e a específica dun acelerado e continuo cambiar das institucións colexiais de arquitectos, que supuxo un cambio total de funcións e usuarios, fóra integrada no proxecto mantendo os valores e intencións esenciais de este, poñendo en valor aquilo fundamental na proposta arquitectónica e mostrando a súa capacidade propositiva en canto á relación entre a arquitectura e as vidas dos seus usuarios.

Como operar coas condicións dun contexto “ampliado”, cultural, material e territorial, afondar na dimensión social do edificio.

O proxecto opera a través do presente, pois só dende el interpretamos o herdado e intuimos un futuro. Investigar acerca da aparición da forma e o control da presenza dun edificio nun contexto de gran carga histórica. Cales son os mecanismos esenciais da arquitectura para proponer actuacións urbanas activadoras do seu ámbito, a través da complexidade e riqueza da vida urbana? Retomar un “urbanismo” complexo atento ás posibilidades físicas do lugar.

Que investigue sobre a natureza dos límites do público-privado establecendo lugares intermedios e sinerxías compartidas. O edificio e a praza como presente continuo, outro momento nun palimpsesto en continua evolución. Propoñer acerca do que hoxe poida ser-ofrecer un espazo colectivo. Acerca da atmosfera dun sitio e as posibles apropiacións e accións que posibilita ao usuario.

Como o propio lugar xérase como “natureza complexa”.

Como responder a condicións de mercado e sociais en continua transformación. A busca da sostibilidade funcional e a capacidade de permanencia a través da transformación dos límites dos diversos recintos de traballo.

O multiespazo, investigación acerca de crear ámbitos para diversas actividades cambiantes, a través de definir as calidades esenciais dos diversos espazos e as súas relacións. Máis alá da oficina paisaxe ou dividida. Explorar a definición material e construtiva de recintos. Unha busca de mínimos con obtención de máximos en canto a calidade ambiental dos espazos. O esencial e permanente versus o continxente. Traballamos sobre continuidades espaciais en planta, sección e diagonais internas, de modo que aínda con ocupacións variables e particións circunstanciais, permaneza a lóxica e os matices espaciais perseguidos.

Fíxose confluír os fluxos do aire que climatiza, cos das persoas que habitan, a través do espazo colchón que media co exterior e cualifica o edificio ante o seu clima e a busca de luz natural en todos os lugares.

Investigación construtiva, economía e materialidade. O edificio recolle toda unha traxectoria de investigación empírica que desenvolvemos noutros casos. Sen medios para simulacións e cálculos, só recoller aquilo que o noso traballo e o estudo do “popular” legounos, traballar cos novos materiais que a industria hoxe nos dá e minimizar e estandarizar o esforzo construtivo explorando un contexto aínda artesanal. Sinxela tecnoloxía de estudadas solucións técnicas para altas prestacións.

Todo iso dende un sitio, un clima, unha tecnoloxía dispoñible e unhas posibilidades constructivas económicas específicas.





## Edificio de nova planta - Accésit

Fraga, G. Quijada, Portolés e Asociados

### **Proxecto:**

384 vpp en San Paio de Navia

### **Situación:**

Polígono de San Paio de Navia. Vigo

### **Arquitecto:**

Salvador Fraga Rivas  
Francisco Javier García Quijada  
Manolo Portolés Sanjuán

### **Data de proxecto / fin de obra:**

decembro 2006 / xullo 2009

### **Colaboradores:**

Eva María Castro Álvarez  
Chechu Quintela Porro  
Sarai Aguirre Lamparte. Arquitecta técnica  
G.O.C. Estructura  
IBINCO. Instalacións  
Ruth Gundín Villar. Xardinería

### **Arquitecto técnico:**

Manuel Cuquejo Gonzalez  
Ramiro Fraga Rivas  
Julio Millara Turienzo

### **Promotor:**

Instituto galego da vivenda e solo. Xunta de Galicia

### **Empresa Constructora:**

COPASA

### **Superficie:**

70.237,72 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

41.274.429 € (sen iva)

### **Fotografía:**

Manuel G. Vicente

**384 Vivendas VVP**



## **O lugar e a paisaxe urbana**

O novo barrio de Navia, ao oeste da mancha urbana de Vigo está actualmente en proceso de creación. Na urbanización de Navia partiuse dunha creación totalmente nova, é dicir dun reencontro da cidade co baleiro expectante. No máis próximo e inmediato, todo é novo, forma urbana, rúas, parcelario, volumes edificables e tipoloxías, e nunha contorna máis afastada caracterízase pola desconcertante heteroxeneidade da súa paisaxe, desde a grandeza do balcón de Samil sobre a ría e o Parque Nacional das illas Cies, ata a ambigüidade do Polígono de Coia e a Bouza.

## **Necesidades de programa / ideas de proxecto**

*Explotar as economías de escala cara a optimizar a relación calidade / custo.*

Dada a enorme magnitude da promoción oriéntase o traballo en orde a explotar os beneficios e vantaxes que ofrece a gran escala xeneralizando o deseño de elementos estándar e a seriación do proceso construtivo.

*Unha vivenda máis moble e menos inmobile.* No proxecto deste inmobile ponse o acento no moble, na capacidade de facer movementos de axuste dos paramentos interiores para adaptarse a hábitos de uso e formas de vida diferentes.

*Minimizar os requirimentos enerxéticos.* Asumir a ausencia de necesidades funcionais con rixida xerarquización interna, aconsella non diferenciar a tipoloxía de ocos por usos e pon en primeiro plano a idea desa malla uniforme que filtra por efecto celosía a radiación solar mentres deixa penetrar luz e aireación.

*Minimizar tamén os impactos.* A necesidade masiva de fiestras para preto de catrocentas vivendas podería ser un berro de ocos que, aquí, a modulada membrana neutra, porosa e silenciosa, transforma no silencio dos ocos.

*Unha arquitectura tolerante.* Codescubrir a vivenda de hoxe, tanto desde o proxecto como desde o uso.

*Todas as vivendas socialmente accesibles.* En todas as vivendas se posibilita que acudan visitas de persoas con mobilidade reducida, a estancia ocasional ou ata o uso parcialmente compartido con estas.

*Humanizar o garaxe aparcadoiro.* A sorpresa de derramar a zona verde e o sol ata o fondo dos catro sotos, onde se dá habitación ao coche e prolongación á rúa. Os corredores principais de distribución cúrvanse con suavidade, á vez que se agrupa a disposición das prazas en ámbitos recoñecibles, personalizados con cor.


*Dous bloques diferenciados que integran un único edificio.* Cada un deles desenvolve un programa para 192 vivendas, dúas células diferenciadas pero coa mesma organización interna, o mesmo número de vivendas cada unha e idénticas tipoloxías. Doce plantas para vivendas, con 18 vivendas por planta cada un, baixo para portais e locais comerciais e entreplanta para uso terciario e oficinas.

*Na sensibilidade, unha proximidade nórdica e atlántica.* Búscase a través dunha arquitectura branca e alegre co matiz da cor e o policromado, tan arraigado na tradición pétrea de Galicia, e aquí trasladada ao panel prefabricado.

*Unha corporeidade cambiante e luminosa para os edificios.* A fluidez das formas e a sinuosidade das curvas buscan avivar o efecto de movemento dos volumes baixo o vento aparente dun tránsito rodado da rede arterial perimétrica, contrastando durante o día desde a escura perforación dos ocos, coa brillante luminosidade do branco dos paneis. Namentres, durante a noite, resplandece o punteado cromático da súa luz interior.





Planta tipo











## Edificio de nova planta - Accésit Carlos Martínez, Ángeles Santos, Carmen Ruíz

### **Proxecto:**

Centro de Interpretación da Cultura Castrexa

### **Situación:**

San Cibrán de Las, Concello de San Amaro, Ourense

### **Arquitecto:**

Carlos Martínez González

Ángeles Santos Vázquez

Carmen Ruíz Alarcón

### **Data de proxecto / fin de obra:**

xullo 2005 / marzo 2010

### **Colaboradores:**

Ezequiel Fernández Guinda. Estructura

Isabel Francos Anllo. Instalacións

### **Arquitecto técnico:**

José Ramón Temes Caneda

Carmen Diéguez Álvarez

Jesús Damiá Rodríguez

### **Promotor:**

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Consellería de Cultura e Turismo- Xunta de Galicia

### **Empresa Constructora:**

DICSA

### **Superficie:**

2.833 m2

### **Orzamento:**

3.567.000

### **Fotografía:**

Héctor Santos-Díez

# **Centro de Interpretación da Cultura Castrexa**



O “Centro de Interpretación da Cultura Castrexa” é un dos catro centros que constituirán a Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico.

Nas proximidades do Castro de San Cibrán de Lás o edificio sitúase como un primeiro cinto do castro.

Límite físico, “nova entrada” e pantalla visual dende o xacemento que recolle accesos e áreas de aparcadoiro.


Os usos defínense en volumes. A súa fragmentación busca o encaixe no terreo. Zócolos de pedra, como transición, sobre os que se montan as caixas de cinc con caras abertas protexidas por lenzos de tramex.

As fendas que se xeran permiten a extensión controlada ao exterior.


As diferentes pezas (acceso-vestíbulo/aulas-corazón de rede/exposición temporal-exposición permanente) vanse enfiando co percorrido de acceso ao xacemento.








Planta baixa



Sección longitudinal





Planta alta





## Rehabilitación - Premio COAG

Alfredo Sirvent Silveira

### **Proxecto:**

Rehabilitación de inmobile no Casco Vello de Vigo

### **Situación:**

Rúa Méndez Núñez 16, Vigo

### **Arquitecto:**

Alfredo Sirvent Silveira

### **Data de proxecto / fin de obra:**

xullo 2008 / xaneiro 2010

### **Colaboradores:**

Antonio Reboreda. Estructura

### **Arquitecto técnico:**

Manuel Cuquejo

Lucía Sirvent

### **Promotor:**

Luis Sirvent López

### **Empresa Constructora:**

Construbesa Miñor S.L

### **Superficie:**

196,53m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

240.000€

### **Fotografía:**



Héctor Santos-Díez

Manuel G. Vicente


## **Rehabilitación de inmueble**




A solución formulada parte da conservación da fachada e os muros medianeiros do inmoble así como dos elementos protexidos, ademais de xerar unha nova ampliación na última planta. O obxectivo será buscar unha boa transición entre o edificio lindante (co seu engadido excesivo) e o resto das cubertas próximas, mediante un mecanismo de fragmentación volumétrica. Para iso se parte dunha configuración de cuberta tradicional a dúas augas á cal se lle aplican unha serie de transformacións xeométricas que serán a base do proceso, e que consiste en fragmentar a cuberta en tres partes mediante unha serie de deslizamentos capaces de establecer as relacións co ámbito desexadas, subindo en altura alí onde é necesario mitigar a presenza dunha medianeira desafortunada, ou baixando e repregándose en actitude de respecto alí onde aparece unha cumieira ou un aleiro veciño. De maneira que nos desfases de altura se producen uns saltos que aportan unha nova espacialidade á última planta, ademais de resolver a entrada de luz; aspecto de importancia vital se temos en conta a situación escorada e desfavorable da parcela en canto a condicións de soleamiento. Trátase, en fin, dunha estratexia flexible formalmente que permite unha evolución do proxecto para adecuarse e adaptarse a todos os condicionantes existentes no lugar. O programa organízase verticalmente en función da privacidade. Así, en planta baixa se sitúa o local comercial, en planta segunda a vivenda estudo e nas dúas últimas plantas a vivenda dúplex. Esta organízase nunha zona de noite na planta segunda e a zona de día na última planta, dadas as condicións de soleamiento, vistas e espacialidade xeradas pola solución de cuberta. A escaleira existente consérvase no seu primeiro tramo que será que dea acceso ao estudo e a vivenda. A partir da primeira planta a nova escaleira pasa a ser do interior da vivenda dúplex. O material elixido para a cuberta é o cinc, primeiro por ser un material intemporal, e por outra banda porque resolve axeitadamente a xeometría de dobras xerada polas cubertas resaltando a súa continuidade formal ao baixar polos panos verticais. Outro aspecto básico do cinc é a súa capacidade de fundirse coa cor cambiante do ceo e colaborar a desmaterializar unha ampliación dun volume pétreo que se relaciona en materialidade e escala co resto do tecido do casco histórico.









Planta terceira



Planta segunda



Planta primeira



Planta baixa









## Planeamento, intervencións e desenvolvementos urbáns - Premio COAG

Jerónimo Junquera  
Liliana Obal e  
Teodoro de Francisco Antes

### **Proxecto:**

Conxunto residencial "Manzana Massó"  
ordenación da nova praza do concello

### **Situación:**

Praza do Concello, Bueu, Pontevedra

### **Arquitecto:**

Jerónimo Junquera  
Liliana Obal  
Teodoro de Francisco Antes

### **Data de proxecto / fin de obra:**

xullo 2004 / novembro 2009

### **Arquitecto técnico:**

Jose Barreiro  
María Vallier

### **Promotor:**

PromocioneS Inmobiliarias O`CUARTEIRON S.L.U.

### **Empresa Constructora:**

DRAGADOS Y CONSTRUCCIONES

### **Superficie:**

Construída 58.200 m<sup>2</sup>  
Urbanización 10.700 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

12.122.397€

### **Fotografía:**

Héctor Santos-Díez

## **Conxunto residencial “Manzana Massó”**







Propoñemos modificar as normas urbanísticas para converter a zona verde do interior da “Manzana Massó” na Praza Maior de Bueu.

Esta praza está situada no centro institucional do pobo, rodeada do Concello, o Museo e o Mercado, protexida dos ventos Norte e coa posibilidade de incorporar os xardíns históricos da Casa Massó, singular pola súa plantación de bambús, magnolios, camelias, acivro...

A elevada edificabilidade proposta polas normas urbanísticas desenvólvese en varios volumes que crean un tecido de rúas porticadas onde se sitúan os comercios seguindo o modelo de céntricos urbanos galegos.

O Conxunto Residencial da “Manzana Massó” é un modelo que aposta pola creación dun grande espazo público en torno ao cal xiran oito bloques de vivendas.

A volumetría destes bloques vén determinada pola súa directa relación co mar, a praza creada e as rúas delimitadoras.

A separación entre bloques determina a relación, tanto visual coma física, entre as rúas estremeiras e o novo espazo público interior.

Toda a mazá ten vocación de converterse nunha zona urbanística de calidade que unida á contigua Praza do Concello pase a ser o centro real do Concello de Bueu.

Os principais condicionantes para definir o tipo de fachada son a adecuación co ámbito urbanístico e a arquitectura propia do lugar e a adaptabilidade á variedade tipolóxica.


A solución adoptada pasa por alternar o granito galego en xambas, alfeizares e soportais co estuco como rematado xenérico. A presenza do estuco branco contrasta coas pinceladas das xambas de granito e madeira.

A fachada da avenida Montero Ríos é especialmente singular debido á súa relación directa co mar e á continuidade da fronte urbana marítima: baséase nunha reinterpretación do miradoiro, presente na totalidade da arquitectura vernácula.

A tipoloxía de vivenda desenvolvida é de 1, 2, 3 e 4 dormitorios, dúplex de 3 e 4 dormitorios, unifamiliares de 3 dormitorios e áticos de 3 e 4 dormitorios. O acceso dende a rúa prodúcese en dúas fases: unha primeira na que se accede ao portal común do bloque ou bloques, e unha segunda na que se comunican as vivendas co patio peonil privado que se abre á praza a xeito de balcón miradoiro.

Tamén propoñemos trasladar a estrutura da antiga Nave Massó, incluíndo a súa fachada principal, que quedará situada dando á actual praza, conseguindo o dobre obxectivo de crear un espazo público cuberto e manter a memoria histórica do que foi unha das industrias singulares da historia de Bueu e de Galicia.





Emprazamento



71



Sección











## Decoración e Interiorismo - Premio COAG

Gabriel Santos Zas  
Mario di Felice Vázquez

### **Proxecto:**

Centro cultural da Universidade da Coruña

### **Situación:**

Campus de Riazor, A Coruña

### **Arquitecto:**

Gabriel Santos Zas

Mario di Felice Vázquez

### **Data de proxecto / fin de obra:**

decembro 2006 / novembro 2009

### **Arquitecto técnico:**

Antonio Carballo Couñago

### **Promotor:**

Universidade da Coruña

### **Empresa Constructora:**

Arias Hermanos Construcciones, S.A.

### **Orzamento:**

224.490,29 €



## **Centro cultural da UDC**



O edificio, obra de Antonio Tenreiro Rodríguez, nace como proxecto en vésperas da guerra civil, froito das súas responsabilidades como arquitecto do Ministerio de Educación, formando parte dun complexo coñecido como Cidade Escolar, concretamente coma Escola Normal de Maxisterio, recollida nuns planos moi próximos os actuais, alá por maio de 1936. Tras os problemas debidos a súa militancia republicana, inhabilitación incluída, a dictadura fai seu o proxecto como a Cidade Cultural Xeneralísimo Franco, aínda que o porte racionalista do centro parece replicar en silencio a este tempo da súa existencia.

A función docente estivo permanentemente activa si ben con contidos cambiantes. En etapas máis recentes, xa coma parte da Universidade da Coruña, o ala norte-sur, que conflúe nun volumen cilíndrico con outra disposta perpendicularmente, foi sede de facultades, mentras que a este-oeste permanece adicada á ensinanza secundaria.

As adaptacións sucesivas, e incorporacións de novos edificios as diversas situacións estiveron rexidas por un fusco pragmatismo, que non reparou nin un instante, nin na estrutura arquitectónica, nin no orde exterior, e polo tanto, o seu significado iconográfico quedou escurecido, pese a estar nun ámbito onde deberían ser valores per se.

Ocúpase con escasa fortuna, por exemplo, o patio central do edificio orixinal, así como adósase polo extremo sur un corpo con función de sala de actos ou actividades comunitarias, que na actualidade é teatro-cine. Escasa habilidade ofrece outro añadido a este último sobre o seu testeiro de poñente.

A Universidad da Coruña nos encomenda este traballo a través dun concurso, unha vez que decide a adaptación do ala norte-sur do edificio na súa pranta baixa (elevada uns peldaños sobre o nivel do chan) para centro cultural. Composto por un breve programa que comprende: recepción, sala de exposicións, de conferencias, almacén e aseos. Trátase dunha intervención de carácter interior que se estende a parte da pranta, sin abarcar fachadas nin accesos.

Antes mencionárase a sala de actos, hoxe teatro-cine. Polo momento permanece inactivo. Sen embargo, a súa rehabilitación está programada para máis adiante. Prevese un gran vano de enlace entre o conxunto agora proxectado e o teatro. Aínda que forma parte do presente traballo está pendente de execución.

Cando visitamos o centro sorprendeunos o desfigurado que se encontraba tras un marasmo de operacións plantexadas para resolver necesidades cotidiáns de uso, que dificultaban considerablemente a captación da súa configuración arquitectónica.



Pronto concluímos que unha parte da nosa labor no proxecto tería unha compoñente de desvelamento destacada: eliminación de todos os elementos discrepantes e superfluos para que os locais sobre os que operábase, mostrasen a forma.

Outra decisión foi evitar compartimentacións de modo que o espazo fluise a través dos corpos do edificio e que fosen istes as claves da lectura espacial, acompañados dos elementos estruturais e da forma rescatada.


Entendimos aquela e a distancia coma unha variante da maneira de entender un lugar que neste caso é un espazo interior.

De ahí que a relación que se produce se amarre xeométrica e dimensionalmente ao previo.


Foron claves os xiros, ángulos e espazos existentes para determinar as formas e usos do proxectado.



Sección a



Sección b



Planta xeral

Tamén para xerar unha distancia co existente que o puxese en tensión e presenza.

Os usos resolvéronse con pezas que poideran asimilarse a obxectos cuxa posición e traza singular responde, da maneira xa mencionada, as necesidades do programa.

A decisión destes obxectos foi a de conformalos como límite do espazo expositivo.

Límite entendido como plano – lenzo – corpo sen órganos e ausencia para non interferir no expositivo.

Así ocorre coa recepción. A forma adáptase e resolve os conflitos de transición da entrada. Pero ante a sala móstrase ausente.

A sala de conferencias desenvolve en sección o alzado, os ángulos da planta e participa da transparencia do espazo como medio para producir diversidade de usos grazas a un gran lenzo de vidro transparente.

Esta diversidade interprétase coma participación da zona de exposicións mediante proxeccións ao gran vidro común. Tamén como invitación ou visión do que acontece no seu interior, se así se desexa.

Os aseos son eco da xeometría das salas. Determinan un obxecto que se ofrece coma plano ao lugar de exposicións. A súa ubicación presenta a peculiaridade de servir tanto aos locais de exposición e conferencias coma ao teatro, según se xire un portón determinado ao efecto, non executado, como xa quedou dito, e a espera de ser construído cando lle chegue o turno ao espazo escénico.

O contorno da pranta do edificio orixinal deu a oportunidade para aloxar en recintos parcialmente conformados, ademais da pequena sala de conferencias un almacén ou espazo de carácter variable, que segue as estratexias xa vistas. O seu límite será un plano-espesor que nesta ocasión dada a súa característica de espazo ao marxe dos usos públicos, propónse coma fondo branco en lugar da presenza - figura do resto dos planos construídos de contrachapado de okume.

O ámbito expositivo media entre todos eles. Resólvese cun entramado metálico en retícula suspendido do teito do que se poderán colgar e a súa vez iluminar obxectos ou acotar lugares ou percorridos mediante lienzos, estores ou outros recursos. O uso desta malla e as súas posibilidades organizativas pertencen a imaxinación da xestión do recinto.

Pareceunos oportuno entregar un campo de posibilidades que a súa vez se ofrecese desde una ausencia ou presenza atenuada. Un espazo limitado actualmente, incompleto na súa conexión definitiva co teatro, pero prevista en proxecto.


O cor branco lixeiramente apagado inunda paredes e teitos. O chan laminar de linóleo gris claro acompaña, servindo coma fondo ao tono pardo roxizo dos contrachapados de okume que se utilizaron para os obxectos xa mencionados.

Esforzámonos para que a luz artificial comparezca discretamente armonizándoa cos axentes espaciais.

A natural, controlada por estores, chega a través dos hocos de fachadas, que dito sea de paso presentan carpinterías que resultan moi alleas a toda a narrativa arquitectónica exposta e merecen unha substitución.











## Decoración e Interiorismo - Accésit

abalo alonso arquitectos

### **Proxecto:**

Rehabilitación Hotel Moure

### **Situación:**

Loureiros nº 6, Santiago de Compostela, A Coruña

### **Arquitecto:**

Elisabeth Ábalo

Gonzalo Alonso

### **Data de proxecto / fin de obra:**

2008 / xullo 2010

### **Colaboradores:**

Manuel Sanmartín

José Noya

René Valiñas

Carlos Bóveda. Estructura

INAEC Ingeniería. Instalacións

### **Arquitecto técnico:**

Francisco González

### **Promotor:**

Hermanos Liñares Bar

### **Empresa Constructora:**

Kúpula

### **Superficie:**

650 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

933.244,29 €

### **Fotografía:**

Héctor Santos-Díez

## **Hotel Moure**




Intervir sobre o xa intervindo intégranos no devir do edificio. Non somos os primeiros nin seremos os últimos. Conservamos unhas cousas, modificamos outras, corriximos algún erro, eliminamos algún elemento, introducimos algún outro... En definitiva, transitamos a terceira época do Hotel Moure. Dúas actuacións fundamentais en planta baixa. Por un lado rebáixase unha parte na entrada para favorecer a accesibilidade. Tanto a rampla coma os chanzos propostos xeran a zona de recepción e espera sen o clásico mostrador. Ao fondo perfórase un patio que polariza as áreas de estancia, as ilumina e ventila, esvae a fronteira dentro fóra. Catro caixas de madeira conteñen servizos auxiliares. A primeira, en celosía, o cortavento. Nun lateral, unha pequena oficina, os vestiarios de persoal, o ascensor e un oficio. No outro lateral, o arranque da escaleira, un pequeno almacén de maletas, aseos masculino e feminino e oficio. A última caixa, ao fondo, oculta a escaleira de acceso ao cuarto de usos múltiples e, baixo ela, armarios de apoio e un pequeno sofá integrado. A instalación de climatización discorre por falso teito, máis baixo que o xeneral, no interior desta caixas, e só se manifesta nas microtobeiras integradas no despezo da madeira. Neste mesmo despezo intégranse pequenas ventás, de control na oficina, ou de iluminación, compartida cos aseos; de vidro translúcido neste caso.






Planta baixo cuberta



Planta segunda



Planta primeira



Planta baixa



Sección patio







## Decoración e Interiorismo - Accésit

BMJ arquitectos

### **Proxecto:**

Reforma de vivenda taller

### **Situación:**

C/Chile 4, Vigo, Pontevedra

### **Arquitecto:**

Belinda Besada Vergara

Marister Faílde Ferreiro

### **Data de proxecto / fin de obra:**

agosto 2008 / maio 2010

### **Arquitecto técnico:**

Lucía Sirvent. Coordinadora de Seguridade e Saúde

### **Promotor:**

Xabier de Sousa Alonso

### **Empresa Constructora:**

Oreco

### **Superficie:**

144.22 m2

### **Orzamento:**

99.761,59 € (PEM)

## **Vivenda Taller**



A adaptación como **vivenda-taller** dun artesán gravador, situada en Vigo. Edificio de vivendas entre medianeiras, B+3, que data de principios do século XX. O sistema constructivo da tipoloxía arquitectónica: muros de fábrica de pedra e forxados de madeira, formados por vigas cada 40cm sen pontóns intermedios, cunha escuadría moi esbelta e luces superiores aos 7.00m. Destaca a calidade da cantería e os ornamentos da fachada.



A premisa da intervención: por en valor o carácter arquitectónico do inmovible, e a súa calidade constructiva. Optase polo uso dunha linguaxe austera onde aqueles elementos que se deciden conservar déixanse sen tratar. Os novos materiais empréganse acordes co novo uso previsto, e úsanse como **lienzo-soporte** da obra do artesán.

As necesidades do propietario marcan o carácter da intervención integral. Búscase a máxima flexibilidade do programa de **vivenda-taller** compatibilizándoo coa actividade artística. A intervención libera o espazo, destacando a altura libre existente e propondo a utilización do "patio" como espazo expositivo ou traballo. Provocar unha nova lectura, na que convive a intervención actual co preexistente. Resolver un espazo diáfano e flexible no programa da vivenda. A zona de estudio-exposición no acceso. Outra máis privada ó fondo, que pódese independizar. Cara ó muro posterior do local, a zona de servizo: baño e cocina. O espazo concíbese transformable, con elementos móbiles ou que se recollen, e que permiten a unión ou non das estancias da planta baixa. Aproveitar ó máximo a altura libre existente. A entreplanta permite almacenar obras e material. Baixo a escaleira metálica, dispónse un módulo **caixa oscura**, moble expositor-almacenaxe. Cada un dos espazos poden ser usados como soporte da obra: os paramentos e os elementos móbiles, presentan acabados que poden modificarse coas distintas exposicións. O patio, é o elemento cara ó que se orienta a vida da vivenda. Acondicionase como "estancia" e posibilitase o seu uso polivalente. Un forrado de tramex de aceiro galvanizado no chan e nas paredes, hasta a altura dos ocos existentes, matizan a súa percepción desde o interior.


Elimínanse as divisións, os revestimentos dos muros e falsos teitos. Rásganse as ventás do patio. Un novo pórtico metálico, perpendicular a rúa, con pilares cadrados e novas vigas metálicas baixo as de madeira existente, permite crear un eixo que aglutina elementos de apoio vertical á estrutura do altílo, ó reforzo das vigas de gran luz, e ó paso de instalacións.

O piso da entreplanta resólvese con un forrado de chapa metálica grecada, con acabado de chapa de aceiro pintada. No baixo o solo radiante, cunha soleira ventilada de formigón pulido. Paralelo ós muros de pedra, canais de instalacións rexistrables, resolven as transicións interior exterior e a continuidade do pavimento coa chapa estriada de acero zincado. Desta forma evítase rozar os muros e concéntranse o paso de instalacións desde o chan. Decídese deixar vistos gran parte dos muros existentes, excepto un zócalo de chapa de aceiro galvanizado como transición muro / pavimento. No acceso, o trasdosado de chapa colle a altura da fachada e resolve a instalación dos cadros eléctricos e a acometida. O acondicionamento acústico do teito, deixa as vigas á vista, cun panel de DM ranurado, con illamento de lá de roca entre elas. As instalacións existentes do piso superior, fórranse e dispónse un tramo de falso teito de chapa de aceiro galvanizado.


A carpintería interior de tableiro DM+ pladur pintado cor branco. As carpinterías antigas reutilízanse como armarios no acceso. Na rúa a carpintería de Iroko lacada. No patio a carpintería, a cara exterior, para que desapareza a súa visión desde o interior a maior continuidade espacial.



Planta orixe



Planta actual



Sección lonxitudinal







## Espazos abertos públicos - Premio COAG

## Creus e Carrasco

### **Proxecto:**

Remodelación do Porto de Malpica

### **Situación:**

Porto de Malpica, A Coruña

### **Arquitecto:**

Juan Creus Andrade

Covadonga Carrasco López

### **Data de proxecto / fin de obra:**

maio 2005 / xaneiro 2009

### **Colaboradores:**

Francisco Rosell

Felipe Riola

Roi Feijoo

Belén Salgado

Alexandre Antunes

Bárbara Mesquita

Laura Coladas

THEMA. Estructura

Juan A. Rodríguez Pardo. Enxeñeiro Portos de Galicia

Antonio Martín Jiménez. Enxeñeiro Portos de Galicia

### **Promotor:**

Portos de Galicia – Xunta de Galicia

### **Empresa Constructora:**

OYS Noroeste

### **Superficie:**

13.710 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

2.843.239,43 €

### **Fotografía:**

Xoan Piñón

Creus e Carrasco

# Remodelación do Porto de Malpica



### **Memoria xustificativa**


Intervense, xunto coa Autoridade Portuaria, na remodelación do porto, principalmente naqueles puntos nos que existe a posibilidade de crear espazo público, explorando as condicións do porto como lugar de relación e acollida que conta co atractivo da actividade pesqueira e as vistas dun enclave único, presente na vila a través de ramplas, escaleiras e miradoiros. Explotar ao máximo a condición de linealidade dun porto disposto en arco, mediante un paseo accesible a cota intermedia que percorre o acantilado apoiado en resaltes e coroações de muros que, en certo modo, o habita. Da nada aparece ante todos os cidadáns o espazo dos escaladores, dos niños de gaivota, das rochas ocultas. O espazo intermedio, a capa de camaleón camuflado que considera, sen interferir, a actividade portuaria. Xa case ninguén se acorda, pero todo o chan da dársena se puxo á mesma cota, a 6.10 do peirao da comporta, o que mellorou a integración visual e espacial do lado este, ademais de enterrar baixo o metro de recheo a condución de saneamento que percorría, á vista, a fachada marítima. A recuperación dos muros sobre os que se asentaban as casas, moitos deles de pedra, permite a lectura do acantilado, a súa imaxe. Insístese nas posibilidades de mellora dun caso recorrente en moitas vilas mariñeiras de Galicia que, dada a súa extensión, non admite respostas de tábula rasa: o feito de que co tratamento dos poucos escasos elementos que se repiten, é dicir, daquelas pautas organizativas, moitas veces ocultas e de presenza descoidada e en se mesmas non atractivas, pode conseguirse unha beleza distinta, quizais desestruturada, cubista, pero reflexo dunha intencionalidade directa, popular.

Actúase sobre un dos elementos presentes na memoria da vila, o miradoiro da Murallona, mediante a súa ampliación e separación do tránsito de vehículos. Derrúbanse as edificacións situadas na baixada sur ao porto: almacén, taller e edificio da Cruz Vermella, o que permite ampliar e liberar espazo nun traxecto en curva e propoñer dende aí, en continuidade, o arranque do novo paseo ata a Punta dá Plancha, apoiándose no propio muro de pedra e a unha cota constante duns 4.5 metros sobre a plataforma portuaria. A Plancha convértese en miradoiro e rampla de conexión co chan e no percorrido trátanse as zonas de acantilado cubertas con formigón gunitado mediante a creación de xardíns artificiais. O Taller, nun principio recolocado baixo o paseo, realoxar se definitivamente, como un moble, no interior dunha nave existente.


Na memoria da intervención están os muros e os peiraos de pedra, plataformas inclinadas, verticais e horizontais, planas, lisas, sufridas e rozadas polos barcos. Na creación de novos espazos e usos está a utilización dun elemento e sistema construtivo contemporáneo, o prefabricado de formigón, peza-espazo e superficie-liña.

### **Memoria investigadora**

Todas as zonas de paseo constrúense cun único elemento prefabricado de formigón de 1.22 cm de ancho e 15 cm de espesor. Mediante pequenas modificacións nos seus extremos conséguense 7 tipos básicos que responden a diferentes funcións: protección en tramos de paseo voado (inclinación máxima), barreira fronte a vehículos en límites de vial e aparcadoiro, rampla para acceso practicable, protección de referencia en liña de dique (inclinación suave), maior espesor (peito) en frontes de onda... En fábrica estúdase a construción do encofrado metálico para permitir un gran número de postas e o seu máximo aproveitamento nas variacións do



Seccions tipo



Planta

tipo. As formas de ancoraxe das pezas rematadas en obra dependen do tipo de terreo ou elemento no que se apoian: elástico en muros, bulonado en microestacas sobre dique, prolongación recta sobre zapata ou contrapesado mediante banco de formigón en miradoiros e zonas con voos de ata 7 metros.

Como alternativa ao recheo, ata agora solución común nas ampliacións de superficie portuaria, se realiza un forxado unidireccional con prelousas, soportado por estacas mergullados e executadas con camisa vista metálica como encofrado perdido. No encontro co peirao existente, ante a previsión da forte ondada dos temporais de decembro, fanse unhas perforacións cuxa función de vertedoiro-desaugadoiro permite descargar a presión de auga. Trátase dun tipo de obra na que os arquitectos, tanto no proceso de cálculo e deseño dos detalles, coma na execución das solucións construtivas, deberon entenderse e traballar con técnicos da administración, contrata e empresas subministradoras, especializados nun tipo de obra civil que, neste caso, debía ser compartida por outros usos, principalmente os de encontro e desfrute dos cidadáns.













## Espazos abertos públicos - Accésit

Cristina Ansede  
Alberto Quintáns

### **Proxecto:**

Praza de San Frutuoso

### **Situación:**

Rúa Trindade, Santiago de Compostela, A Coruña

### **Arquitecto:**

Cristina Ansede Viz

Alberto Quintáns Arrondo

### **Data de proxecto / fin de obra:**

decembro 2008 / decembro 2009

### **Colaboradores:**

Gema González García. Paisaxista

Andrés Figueira Nogueira. Enxeñeiro industrial

### **Arquitecto técnico:**

Ádaga da Costa González

Ana Castro Alonso

### **Promotor:**

Concello de Santiago de Compostela. OCiHR

### **Empresa Constructora:**

TUCONSA

### **Superficie:**

1.792 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

670.440,06 €

## **Praza de San Fructuoso**



A praza de San Fructuoso é unha área vinculada á zona de Hortas, condicionada polo seu pasado como cemiterio para os peregrinos e confinada por edificios que non abren ningunha porta ó espazo, o que fai que non se desenvolva ningunha actividade relacionada co seu uso. A proposta xorde en parte como resposta á escala dos edificios que a rodean, configurando pequenas salas en que promover reunións de pequenos grupos, en contraposición ao gran tamaño dos lugares próximos como a praza da Quintana, a do Obradoiro, espazos nos que se pode organizar actividades para multitudes.

Ademais, o feito de que prevé unha pasaxe cara a zona de Hortas a neste punto, converte á zona nunha especie de vestíbulo previo, e como tal, nun filtro entre o histórico entre o casco histórico e a derradeira zona de hortas extramuros que se conserva na cidade. Con respecto a isto, propónse un xardín laberíntico de buxos, en contraposición á natureza salvaxe e produtiva da zona de Hortas. Trátase dunha vexetación domesticada, xeométrica e de carácter lúdico, ó igual que se facía tradicionalmente en edificacións de certo tamaño a modo de filtro entre a vivenda e a horta.

Por outra banda, a memoria dos cinco séculos como cemiterio de peregrinos suxire un espazo tranquilo, un lugar para deambular, composto de pequenos fragmentos modulados e ordenados. Os cipreses que separan o tráfico rodado e matizan o encontro co muro do Concello, así como a charca central á que se deriva o auga de chuvia a través de canais son dous elementos que xa existían na configuración do antigo cemiterio.

En cada unha das estancias, rodeadas de setos que as dotan de intimidade, colócase mobiliario que propicia diferentes tipos de actividade.





Planta






Sección transversal



Sección longitudinal





## Arquitecturas efémeras - Premio COAG

Patricia Alonso Alonso  
Francisco Javier López Rivadulla

### **Proxecto:**

Acto de imposición de mans  
Proxecto de urbanización

### **Situación:**

Baiona, Pontevedra

### **Arquitecto:**

Patricia Alonso Alonso  
Francisco Javier López Rivadulla

### **Data de proxecto / fin de obra:**

outubro 2008

### **Promotor:**

Concello de Baiona  
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

### **Empresa Constructora:**

Aldasa Constructora

### **Orzamento:**

107.424,58 €

## **Acto de imposición de mans**



A obra tivo moitos avatares e tres empresas tiveron que intervir no edificio e no seu entorno. Aínda así non subemos como se conseguiu rematar... Era una cálida mañá do mes de setembro, con lixeiro cheiro a salitre. Xunto aos primeiros raios de sol, os homes traballaban para prepararen o acto. Ó dares as doce da mañá, os nenos da vila de Baiona foron chegando aos poucos. Xuntáronse nun improvisado picnic na mesa da obra. O finalizaren o mesmo, fóronse poñendo ó redor das lousas de formigón fresco para a imposición das mans. E fíxose así, pero todo rematou nun intre. Non se deron ni conta pero neste momento aqueles nenos e as súas familias construíron unha memoria do lugar” que perduraría para sempre nas súas mentes. A construción material xa non importaba. As mans anónimas impresas, inmortalizarían para sempre nese lugar o símbolo do esforzo colectivo e unidade que foi necesario. Este acto servía tamén, como agradecemento ó compromiso do pobo de Baiona e en definitiva, a esa larga e ardua espera.

### **Xustificación dos valores estimados**

Moitas veces ós arquitectos esquecen que non só se constrúen obras senon tamén experiencias e lembranzas. O inmaterial tamén forma parte da arquitectura

As circunstancias que rodearon a execución das obras do edificio e a súa urbanización forzáronnos a buscar máis aló do material, porque o tempo empregado dende o desexo e a necesidade excede.

Baixo a intervención urbá perimetral ó novo centro de atención á primeira infancia, proxéctase unha praza con baixos recursos económicos que mellorase o uso do edificio e seu entorno.

Para iso realizouse un acto final, contido dentro da execución do proxecto, no cal os nenos de Baiona, representando ó futuro da vila, volvéronse os protagonistas.

O acto en si, significaba a ilusión por finalizaren a obra desexada por tódala cidadanía.

A construción co inmaterial tomou relevancia. Neste acto os nenos ataríanse con ese lugar. Esta experiencia xerou unha identidade de espacio que permanecerá a través da memoria colectiva.

A arquitectura foi capaz de xuntar e rexuntar ós cidadáns, e a estes co seu territorio. Lugar que xa ten memoria colectiva a través da experiencia de eses nenos e os seus familiares, máis alá de protexer e respetar un lugar, desfrutarán del. A arquitectura consegue deste xeito xerar cultura, memoria e sociedade.

Por outra banda, elixiuse a impresión das pegadas das mans, polo significado de pegada da man. A suma de todas elas simbolizaba a unión do esforzo colectivo que foi preciso para conseguir finalizar unhas obras anheladas.


Foi como un acto dun pai co seu fillo, que tras meses de realizar xuntos un puzzle interminable, ante o momento desexado de colocar a última peza, o pai cédella ó seu fillo para disfrutar o momento e contemplar xuntos o resultado final. Xa non so importa o resultado, senón a experiencia adquirida no camiño e as lembranzas deses momentos inolvidables e para que non se lles esqueza a ningún quedará o puzzle colgado no salón.

Ó mesmo tempo estas pegadas falan da humanización dun territorio que dialoga coa natureza circundante como a terra, o océano, o ceo e o horizonte presentes na parcela.

Na actualidade o edificio e o espacio urbán contiguo está utilizándose...







Detalle da urbanización









## Arquitecturas efémeras - Accésit

Fermín González Blanco

### **Proyecto:**

Chillida Lupo

### **Arquitecto:**

Fermín González Blanco

### **Colaboradores:**

Fundación Eduardo Chillida y Pilar Belzunce. Equipo de documentación

Luis Miguel Fernández. Diseño Gráfico

Fundación Chillida-Leku. Documentación

Elisa Vea. Coordinación

Carolina Queipo. Didáctica

### **Fotografía:**

Alex del Río

Estudio Fermin Blanco

**Chillida Lupo**

## Grao de dificultade

- ○ ○ Homenaje a Miró
- ○ ○ Grabado G 78
- ● ● Peine del Viento XVI
- ● ○ Gure Aitaren Etxea
- ● ○ De música IV
- ● ○ Besarkada X
- ● ● Elogio del agua
- ● ○ Elogio del aire II
- ● ○ Elogio del horizonte IV
- ○ ○ Esertoki III
- ● ○ Monumento a Fleming
- ● ○ Toki egin
- ○ ○ Sin titulo
- ● ○ Lurra G -101





Lupo é un desmontable. Baséase nun set de sete pezas básicas de formas e dimensións proporcionais entre sí, de xeito que permite gran cantidade de aparellos e combinacións. As pezas únense mecanicamente encaixándose pola súa xeometría ou mediante espigas.

O estoxo Chillida Lupo centra o seu contido na obra do escultor Eduardo Chillida. A partir das 46 pezas que compoñen o estoxo fórmulanse diferentes realizacións escultóricas ademais daquelas que xurdan polo uso creativo do sistema. Para a súa realización o estudio de arquitectura Fermin Blanco traballou en colaboración co equipo de documentación e didáctica do Museo Chillida Leku.

### **Material ecolóxico**

Lupo ápoíase en materiais naturais e resistentes, tanto pola natureza da súa composición como polas súas formas redondeadas. As pezas son de madeira maciza e a carencia de arestas xera un crebacabezas manexable, seguro e duradeiro.

Para un manexo doado aconséllase o uso de medios mecánicos para sacar as espigas sen danalas.

### **Compromiso social**

O estoxado do Chillida Lupo realízase en colaboración con asociacións de apoio á integración laboral de persoas con minusvalidez fomentando así a súa inserción social.

### **Didáctica**

Lupo é un instrumento didáctico. As actividades formulan contidos de equilibrio e forma que fomentan a capacidade de visión en dous e tres dimensións, proporcionando retos intelectuais ao usuario que estimulan as súas habilidades de coordinación, memoria e creatividade.

### **Uso**

De 6 a 99 anos.

### **Estoxo**



O desmontable recóllese nun estoxo formado polas propias pezas. A montaxe debe realizarse creando diferentes bandexas: alternando pezas curvas e rectas. A montaxe e desmontaxe do estoxo propónse como primeiro achegamento para entender o Sistema Lupo.

### **Graos de dificultade**


Os modelos propostos varían en complexidade dende as formas planas ás estruturas tridimensionais. Un código de tres niveis indica o grao de dificultade de cada caso.











**Baixo custo - Premio COAG**

**Santiago Barge Ferreiros  
María Belén Bouza Cora  
Olalla Barge Ferreiros**

**Proxecto:**

Instituto do Campo

**Situación:**

Xinzo de Limia, Ourense

**Arquitecto:**

Santiago Barge Ferreiros  
M<sup>a</sup> Belén Bouza Cora

**Data de proxecto / fin de obra:**

abril 2008 / agosto 2010

**Colaboradores:**

Olalla Barge Ferreiros

**Arquitecto técnico:**

Sandra Fernández Nogueiras

**Promotor:**

Inorde, Diputación provincial de Ourense

**Empresa Constructora:**

Benigno Alvarez S.L

**Superficie:**

393 m<sup>2</sup>

**Orzamento:**

159.165 €

**Instituto do Campo**





O proxecto do Instituto do Campo en Xinzo de Limia parte dun condicionante básico, a situación da parcela; moi próxima ao pavillón de deportes, edificio que dificilmente cohabita por tamaño e altura co edificio proxectado e limitada a norte polo campo da feira, equipamentos moi degradados circundados por un muro de bloque.

Nestas circunstancias o instituto do campo xorde como un pequeno edificio cun programa mínimo de laboratorio, aulas e despachos que pretende xerar unha atmosfera propia ao redor dun patio-xardín, intentando fundir o arboredo existente e o propio cuns volumes que buscan tensionarse con esta, illándose dun ámbito sumamente agresivo.

Os ocos ábreanse ao patio central ou oriéntanse cara ás vistas máis atractivas. Búscase á súa vez o control da luz a través dunhas pezas verticais de granito que permiten o control solar á vez que xeran lixeiras distorsións na visión da paisaxe

Formúlase a investigación dende o punto de vista de como manexar un presuposto mínimo, para a construción dun equipamento que conserve certa dignidade e sinceridade construtiva.



O proxecto contou cun presuposto de execución material de 159165Euros, co que os acabados e materiais se reduciron á mínima expresión, recebo de cal branco e granito en fachada, chans de formigón pulido e pintura branca en interiores, carpintarías exteriores de aluminio e interiores de madeira de cedro, escaleiras de tubo de aceiro e malla de aceiro deployee en varandas e chapa de aceiro corrugado galvanizada en chanzos.

Buscouse á súa vez o control da luz a través das grandes pezas verticais de granito que permiten o control solar e xeneran lixeiras distorsións e encadres na visión da paisaxe adquirindo grande expresividade plástica nas sombras proxectadas no interior ás distintas horas do día e ao longo das estacións.


Finalmente realizouse un uso da pedra como elemento de “brise-soleil” mediante pezas continuas de chan a teito de espesores de 25 cm colocadas intermitentemente para producir a función indicada á vez que un efecto de transparencia e busca de encadres visuais en distintos ángulos.

A fachada combina o uso do recebo de cal coa composición en pedra na formación de ocos, quedando unha clara simbiose entre ambos os dous materiais conformando panos lisos e continuos sen xuntas que marquen a composición.






Planta baixa



Sección





Planta alta









**Baixo Custo - Accésit**

**Luz Paz Agras**

**Proxecto:**

Construcción auxiliar á Escola Habanera

**Situación:**

Roupar, Xermade, Lugo

**Arquitecto:**

Luz Paz Agras

**Data de proxecto / fin de obra:**

2006 / 2008

**Colaboradores:**

PROES Consultores

**Promotor:**

Asociación de veciños de Roupar

**Empresa Constructora:**

Autoconstrucción

**Superficie:**

40m2 (edificación) + 200m2 (urbanización)

**Orzamento:**

9.798,16 € (PEM)



## **Construcción auxiliar á Escola Habanera**



Este proxecto foi construído como anexo ao edificio da Escola Habanera de Roupar que, na actualidade, é usada como local sociocultural da Asociación de Veciños.

Intervir sobre un edificio de gran valor patrimonial, como é este caso, obriga a unha reflexión previa sobre a necesidade de actuación. Roupar é un núcleo rural que forma parte das máis de trinta mil unidades deste tipo que estruturan o territorio galego. Na actualidade, o rural atópase inmerso nun proceso de crise provocado fundamentalmente polas dificultades que atravesa o sector productivo agrario e gandeiro, en función do cal se estruturou tradicionalmente. Neste senso, os cambios de uso do territorio conlevan a aparición de novas necesidades, máis propias do urbano, como a dotación de equipamentos, non só docentes e asistenciais, e a creación de espazos públicos.


O edificio da Escola úsase como equipamento sociocultural pola Asociación de Veciños. As súas actividades requirían novos espazos para almacenaxe e unha zona para cociñar, acondicionada dimensionalmente para usar recipientes de gran tamaño e para a colocación dunha lareira. No edificio existente, estas actividades resultaban incompatibles co valor patrimonial da construción, polo que se propón unha edificación anexa na parte posterior. O plantexamento parte da idea de alixeirar a presenza da nova construción en relación á contundencia do edificio existente. Construíronse dous elementos verticais en formigón armado, unha chimenea e un muro de apoio sobre unha soleira de formigón, como únicas pezas permanentes, case como elementos de mobiliario. En contraste, unha pel lixeira sobre estrutura de aceiro galvanizado e chapa de aluminio prelacado, formalizan o espazo interior.

Volumétricamente, plantéxanse dous prismas desprazados, de forma que os testeiros permitan abrirse completamente, extendendo a ocupación do espazo á totalidade da parcela cando está en funcionamento e repregándose como contedores estancos cando está pechado.


Podería pensarse que se trata dun elemento alleo á construción tradicional, pero a presenza de anexos ao edificio principal, xeralmente tamén separados fisicamente deste, son habituais no noso territorio. Segundo a zona, reciben unha denominación: alboio, galpón, pendello, ... Neles realízanse actividades de almacenamento ou funcións que non teñen cabida na vivenda principal. Na actualidade, constrúense con materiais lixeiros de baixo custo, como chapas de aceiro, pranchas de fibrocemento, etc, nun proceso de autoconstrución non controlado que provoca a crítica habitual na prensa sobre este tipo de actuacións, sobre todo desde un punto de vista estético.

Neste caso, o proceso de construción levouse a cabo sin empresas especializadas, executando a obra os membros da Asociación. Os materiais metálicos cortáronse, dobráronse e soldáronse en taller, de forma que a posta en obra se realizou mediante un procedemento de xunta seca.


O proceso de autoconstrución convertiu a execución na parte determinante do proxecto, implicando aos seus usuarios desde o momento inicial. O edificio propónse como un elemento cambiante. Ao finalizar a base arquitectónica é o uso o que o transforma completamente cada vez que se abre.



Planta xeral



Sección 1



Sección 2





## Obra primeira - Premio COAG

Prieto + Patiño

### **Proxecto:**

Farmacia

### **Situación:**

Salvaterra do Miño, Pontevedra

### **Arquitecto:**

Faustino Patiño Cambeiro

Juan Ignacio Prieto López

### **Data de proxecto / fin de obra:**

novembro 2007 / xuño 2010

### **Colaboradores:**

Michelle Brodeschi

Adriana García Perez

Diego Hermida Varela

Oscar Sanchez

### **Arquitecto técnico:**

Mónica Cabaleiro

### **Promotor:**

Elena Rey Sio

### **Empresa Constructora:**

Carlos Carballas S.L.

### **Superficie:**

150,50 m<sup>2</sup>

### **Orzamento:**

142.133,86 €

### **Fotografía:**

Héctor Santos-Díez



**Farmacia**



### **Lugar**

Ubicada no núcleo rural de O Cerdeiral, á configuración alargada da parcela hai que añaírlle restricións urbanísticas que obrigan a un retranqueo respecto das vías que a rodean, resultando unha banda edificable de 4-5 metros ó longo da mesma.

### **Programa**

A propiedade pretende o traslado da farmacia en funcionamento a escasos metros desta parcela, mantendo o mobiliario e dotacións presentes na mesma, así como a construción dunha vivenda, independente pero relacionada, atendendo así a un dobre programa situar nun cruce de vías principais de servizo dese área rural.

### **Concepto**

Trátase de converter a limitación inicial na razón de ser do proxecto. a estreita banda edificable de menos de cinco metros converterase no recurso articulador do programa que se situará en torno a ela. Desta forma plantéxase unha cuberta lineal de zinc que se deformará e pregará para construír a vivenda, a farmacia e os espazo intermedio, permitindo a separación e á súa vez a vinculación formal e funcional dos seus programas.

### **Execución**


A execución realizarase en dúas fases. En primeiro lugar construírse o volumen da farmacia dada a urxencia da tramitación de ése proxecto. A banda alargada córtase e prégase sobre si mesma á espera da edificación da vivenda nunha segunda fase.

### **Construción**


Propónse un sistema de lousas e muros de formigón armado que definen os contenedores e formalizan as unións entre eles. Para facer visible a banda pregada definidora do proxecto, realízase un revestimento de zinc continuo, que da lugar ás fachadas laterais e á cuberta. no resto de alzados emprégase unha fachada trasventilada de pedra e no interior o propio formigón pulido.




Farmacia




Vivienda + Farmacia





Planta farmacia




Alzado farmacia











## Obra primeira - Accésit

Oscar Pedrós Fernández

### **Proxecto:**

Casa EINS. Vivenda unifamiliar en Oleiros

### **Situación:**

O Valiño, Oleiros, A Coruña

### **Arquitecto:**

Óscar Pedrós Fernández

### **Data de proxecto / fin de obra:**

agosto 2005 / xaneiro 2009

### **Arquitecto técnico:**

Hervé Fernández Estévez

### **Promotor:**

Inés García Barreiro

### **Empresa Constructora:**

Ageco

### **Superficie:**

206,28 m<sup>2</sup> útiles

### **Orzamento:**

199.284,01 €

### **Fotografía:**

Héctor Santos-Díez

Imaxe "Casa Otilia" Soledad Felloza

## **Vivenda Unifamiliar**



## O lar

O lar, ese conxunto formado por unha base e unha campá de pedra destinado a facer lume nas cociñas tradicionais galegas foi adquirindo a categoría de fogar por extensión de tódalas funcións que, dada a súa necesidade, condensou dentro do programa de vivenda. Tanto é así que me atrevería a afirmar que ese momento no cal nos identificamos como habitantes dunha vivenda é cando deixamos de chamala casa e pasamos a sentila como “fogar”. Algunha cousa téñen o arume dos toros de carballo estalando e o arrecendo do café recién feito que nos leva á serenidade ao cruzaren o albor dese espazo.


O lume, elemento onde os haxa, ten condicionado tanto a vivenda ao longo da historia que se podería dicir que existe un antes e un despois no xeito de habitar e relacionarse a unidade familiar coa aparición da calefacción distribuída por tubos. Tanto é así que os dormitorios e o estar (que, en realidade o formaba o banco que rodeaba ao propio lar) deixaron de ser espazos que orbitaban arredor do lume e a corte (calor) a ser meras células dentro do organismo da vivenda, orientándose máis cara ao triunfo do individualismo que ao momento de relación, ás veces incómodo, entre pais e fillos adolescentes.

A pesar de constituir un elemento todavía recurrido na vivenda unifamiliar na actualidade, cando os dous únicos desexos dun cliente son a lectura y o lume, éstos teñen a obriga de converterse nun factor tan determinante na reflexión do encargo como fai anos o fixera a calefacción centralizada e, polo tanto, calqueira ollada cara atrás cara aos nosos costumes de antaño pode ser reveladora dunha proposta arquitectónica. Aproveitemos, como arquitectos, este tipo de argumentos antes de que sexamos obxecto dun encargo para unha biblioteca, por exemplo, e teñamos que pensar en máis espazos para consolas, videoxogos, wii, wifi e mp4 que nunha sinxela cadeira a carón cun patio cunha árbore. Sigamos pensando no espazo fenomenolóxico e sensorial por enriba do espazo funcional.

## A materialidade

A materialización da idea esixe sempre ollar de evito o capítulo económico, que nos retorna á realidade e pon criterio entre os sonos do arquitecto e as posibilidades reais do cliente. No caso da vivenda EINS, buscábase a expresión de rotundidade dun volume principal con dúas alturas que albergase a zona de día, o lar, e outro volume anexo coas funcións de descanso e aseos. Deste xeito desvincularíase por completo das construcións existentes no ámbito, sen ningún referente paisaxístico nin arquitectónico de interese. A elección de lousa como material protagonista do cerramento responde a esta vontade de volume macizo. Grazas ao despezo a maticado horizontal e calea de grafito conséguese un aspecto cúbico tan só alterado polas numerosas perforacións que introducen luz e aire á vivenda e a relacionan co exterior da súa propia parcela, pero en moita menor medida coas vivendas circundantes, xa que a maior apertura horizontal se produce no pano inferior, o cal non será visible unha vez creza o peche vexetal. As carpintarías resólvense en aluminio no caso de panos practicables (onde o plano vertical de acceso desliza completamente para unir fisicamente todo o espazo de estar co soportal exterior orientado a solaina) e en aceiro inoxidable no caso de panos fixos, que incorporan as correspondentes canaletas de recollida de condensación e as súas pipetas de desaugadoiro.

O outro material protagonista nos elementos exteriores abertos é o formigón, o cal se prega na fachada principal a xeito de brise-soleil nos dormitorios, así como na fachada a nacente do dormitorio principal. O terceiro elemento significativo de formigón conforma o patio interior (muro de encofrado fenólico con despezo coidado de berenjenos e trincas) e finalmente, o elemento cheminea ou, mellor dito, fireplace ou “lugar do lume”, que pendura dúas alturas



dende as costelas superiores de cuberta, para non tocar o chan e conectar así visualmente todo o volume de día á altura dun suxeito sentado nas butacas do salón. O flanco oeste deste elemento soporta os chanzos encaixados de madeira de nogueira que ascenden ata a biblioteca. A separación entre a cheminea e o chan resólvese cunha chapa pregada de aceiro pintado, que serve á súa vez de repisa cara ao comedor.

Prestouse tamén especial coidado na iluminación do espazo central, cunha tabica de escaiola que rodea a cheminea e a desvincula do forxado de cuberta, do cal só é apreciable o seu carácter pétreo cara á biblioteca, onde a luz indirecta se volve aínda máis protagonista.

As cubertas execútanse invertidas, recubertas de grava de macael á espera da colocación dun pavimento de madeira de ipé ou similar na zona de solarío. Os forxados interiores resólvense en tarima flotante similar ao abeto branco e os cuartos húmidos en lousa. Todos os paramentos interiores se proxectan en perliescaiola e píntanse de branco, deixando á vontade do cliente a finalización destes.

Para rematar, fai falta destacar a dificultade estrutural da vivenda no seu capítulo de cimentación, o cal disparou o P.E.M. nada máis comezar a obra. A totalidade da estrutura descansa sobre un recheo de antigo vertedoiro de entullos, atravesado ademais de sur a norte por un acuífero que lava constantemente o terreo.

Durante a fase de Dirección de Obra tomouse a decisión de cimentar a vivenda sobre pozos de cimentación que nalgún caso descenden ata os 3,5 metros e houbo de canalizarse o acuífero por debaixo da vivenda, protexendo a fronte sur desta cunha drenaxe que se conduce ata o regato que bordea a parcela polo norte. O resto da estrutura execútase en forxado unidireccional (salvo as lousas vistas de formigón) que descansa sobre piares HEB metálicos que se fosean tanto en teito como chan.







**Edificio de nova planta**

**Rehabilitación**

**Planeamento, intervencións e desenvolvementos urbanos**

**Decoración e interiorismo**

**Espazos abertos públicos**

**Arquitecturas efémeras**

**Baixo custo**

**Obra primeira**

## Finalistas



Muñiz Mas Alfaya  
**Xulgados de O Barco**



Salgado e Liñares  
**Casa en a Perdigoteira**



Pablo Menéndez Paz  
**Vivenda unifamiliar**



Francisco Novoa Rodríguez  
**Centro de interpretación da mariña lucense**



Antonio Taboada López  
**Ximnasio no IES Sofía Casanova**



Valentín Souto García  
Gonzalo Souto Blázquez  
**Colexio de educación infantil e primaria**



Arrokabe arquitectos  
**Centro de formación  
da natureza e medioambiente**



Creus e Carrasco  
**Hotel Altamira**



Sonia Romero Teijo  
José Manuel López Mihura  
**Sede Rexistro Civil da Coruña**



Ángeles Castro Dapena  
**Centro de educación medioambiental  
Eira da Xoana**



Pablo Menéndez Paz  
**Rehabilitación de vivenda unifamilia**



Muñiz Mas Alfaya  
**Oficina Konstruplus**




abalo alonso arquitectos  
**Conexión entre  
o casco histórico e o borde litoral**



Francisco Rosell Muñiz  
Roi Salgueiro Barrio  
**Reurbanización do contorno das vivendas  
Virxe do Carme**





Ana Belén Amado Pazos  
José Felipe Trillo González  
**Entre a razón e a pel**



Jorge Álvarez Rúa  
Laura Arias Pardo  
José C. Álvarez Rodríguez  
**Centro de estética e saúde**





Yago Lengua Bugallal  
Iago López Álvarez  
José María Navarro García  
**30 VPP**



José Luis Quintela Porro  
Mónica Díaz Rodríguez  
**Vivenda unifamiliar**



Xavier Pousa Arbones  
**Centro de día**



**© Desta edición**

COAG Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia  
Praza da Quintana 3, Santiago de Compostela

**© Das imaxes e dos textos**

Os seus respectivos autores

**Deseño e maquetación:**

Villacé y Cominges  
Verónica Gallego Sotelo

**ISBN :**

**978-84-96712-50-8 - EJEMPLAR GRATUITO**

**Marzo 2012**



**PREMIOS  
COAG  
DE  
ARQUITECTURA**